

TRAMITACIÓN DA FORMALIZACIÓN DA RENOVACIÓN

1º) Cubrir e imprimir o impreso de renovación na web: www.conciliames.org.

Os/as usuarios/as que non dispoñan das ferramentas necesarias, terán á súa disposición o persoal do Departamento de Educación, ben na oficina municipal do Milladoiro ou no Departamento de Educación en Bertamiráns, para realizar este trámite por vostede, para o que deberán solicitar unha **cita ao teléfono 981 884 991**.

Para cubrir o impreso será necesario o IBAN, o BIC e os datos do/a titular da conta para a domiciliación dos recibos.

2º) Todos os membros maiores de idade da unidade familiar deberán asinar a autorización para solicitar os datos tributarios á Axencia Tributaria, incluída no impreso de renovación.

3º) Solicitar á Recadación Municipal no enderezo electrónico ames@canaltributos.com, a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia a renovar (12,00€ por servizo e neno/a).

4º) Pagar as taxas de matrícula.

5º) Dar entrada á solicitude de renovación e ao mandato SEPA, debidamente cubertos e asinados, en rexistro. Esta solicitude deberá acompañala cos documentos seguintes:

- Copia de calquera documentación presentada anteriormente **e que sufrira algunha variación** (por ex. libro de familia con distinto número de membros, documentación que acredite que algún membro da unidade familiar xa non forma parte da mesma, etc.)

BONIFICACIÓN DE TAXAS

En caso de querer solicitar bonificación de taxas deberá presentar en rexistro a solicitude e os documentos correspondentes para a acreditación da situación, no prazo fixado para a renovación. Casos previstos:

- Renda per cápita inferior ao 50% do IPREM (3.727,57€ ano e persoa).
- Familia numerosa
- Familia monoparental
- Familia con persoas maiores a cargo
- Familia con persoas con discapacidade a cargo
- Familia con persoas dependentes a cargo
- Familias acolledoras
- Emerxencia social